



Eduardo pondal

1835-1917



Biografía

- ▶ Nace en Ponteceso en 1835 nunha familia de orixe fidalga. Vivirá desafogadamente, sen traballar, toda a súa vida.
- ▶ Estudou cun parente, cura, que o introduciu no estudo dos clásicos gregos e latinos.
- ▶ Seguiu estudos en Santiago (bacharelato e Medicina).
- ▶ En Santiago coñece o poeta Aurelio Aguirre. Ambos foron promotores do **Banquete de Conxo** (acto de confraternización entre estudantes e obreiros, en 1856).
- ▶ Exerce como médico da armada durante moi pouco tempo. Volve a Ponteceso.
- ▶ Frecuenta asiduamente A Coruña para participar nas tertulias da **Cova Céltica**, na librería Carré, con Manuel Murguía e outros intelectuais da época.
- ▶ Na Cova Céltica coñece os poemas de **Ossian** (de James Macpherson).
- ▶ É o autor do poema "**Os pinos**", que, musicado por Pascual Veiga, é o himno oficial de Galicia.
- ▶ Morre nun hotel da Coruña en 1917.


Obra



- ▶ 1861: 1º poema en galego “**A campana de Anllóns**” (publicado no **Álbum de la Caridad**, co resto dos poemas dos primeiros Xogos Florais de Galicia).
- ▶ 1877: *Rumores de los pinos*, con poemas en galego e castelán. Fará unha nova edición xa completamente en galego e cambiaralle o nome: **Queixumes dos pinos**.
- ▶ Postumamente, en 2005, publicouse **Os Eoas** (traballou nela toda a vida, pero non rematou de atopar a versión definitiva en vida).



Queixumes dos pinos (1886)



Características
da poesía de
Pondal

▶ Celtismo

- ▶ Pondal defende a orixe celta de Galicia.
- ▶ Quere recrear un pasado glorioso celta de Galicia.
- ▶ Utiliza a toponimia da Costa da Morte para designar aos seus heroes míticos.


▶ O bardo

- ▶ O bardo era o poeta dos antigos celtas que narraba as fazañas dos heroes. El considérase un bardo.
- ▶ Establece a oposición entre o pasado mítico celta heróico dun pobo libre ao presente de opresión e escravitude. Cre que a súa obriga como bardo é conducir ao pobo ao triunfo da liberdade.

▶ Ossión

- ▶ No século XVIII James Macpherson publicou uns supostos poemas dun bardo celta (en realidade eran falsos). Pondal inspirouse neles para recrear un pasado heroico ideal.

Queixumes dos pinos (1886)



Características
da poesía de
Pondal


▶ A natureza

- ▶ Os elementos da natureza, personificados, teñen moito protagonismo: a terra, os piñeiros (os rumorosos no himno), os corvos, etc.
- ▶ Simbolizan os elementos que comunican ese pasado glorioso e que manteñen a memoria.

▶ Exaltación da virilidade

- ▶ Na súa concepción épica do heroe enxalza o forte, enérxico e valiente, que identifica co ideal da masculinidade fronte ao débil e ao sometemento que representa como o feminino.
- ▶ Algúns dos seus poemas amosan unha actitude machista e mesmo misóxina (de desprezo á muller).

Os Eoas (póstumo)



- ▶ Trátase dun canto épico á conquista de América.
- ▶ Inspirouse en *Os Lusíadas* de Camões que conta a conquista de Brasil.
- ▶ Parte de que Colón ten orixe galega (co que liga co seu ideal de heroe)
- ▶ Enxalza a expansión do cristianismo.
- ▶ Pretende demostrar que o galego é unha lingua válida para unha epopea.

Lingua e estilo

- ▶ Utiliza unha linguaxe moi coidada.
- ▶ Rexeita a lingua coloquial.
- ▶ Emprega moitos cultismos creados por el partindo das linguas clásicas.
- ▶ Estivo moi preocupado por dignificar a lingua galega. Dixo:
 - ▶ *“Déstesme unha lingua de ferro, devólvovos unha lingua de ouro”*.